

MISA CON NENOS

29 de abril de 2018 - Domingo 5º de Pascua-B

Evanxeo de san Xoán 3, 18-24:

"O que permanece en min e eu nel dá froito abundante".



CONÉCTATE a Xesús! 
Deixa que recargue a túa
VIDA.

1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás:

Neste domingo 5º de Pascua Xesús dinos que el é a vide verdadeira e que nós somos os bacelos ou ramas que recibimos del o zume para dar froito. E por iso estamos aquí: porque queremos recargar a nosa VIDA de graza, de fe e de amor ao orar, ao escoitar a súa Palabra e ao comulgar o seu Corpo na Eucaristía. Amigos, vivamos conectados a Xesús e así daremos bo froito e froito abundante. **(Traemos uns acios de uvas e unha frase: “Queremos vivir conectados a ti, Xesús, para dar froito”).**

(Sacerdote) No nome...

- *Xesús que nos invita a vivir unido a el para ter vida, está convosco.*

2. PETICIÓNS DE PERDÓN ou ASPERSIÓN

(Sacerdote) *Deus é amor, coñece as nosas debilidades, pedímoslle perdón.*

* **(Pai – nai)** Porque conectamos pouco con Deus para enchernos da súa vida. *Señor, ten piedade de nós.*

* **(Catequista)** Porque a nosa vida está marcada pola rutina, polo ir tirando. *Cristo, ten piedade de nós.*

• **(Neno-nena)** Porque nos falta creatividade, paixón, amizade e unión con Xesús. *Señor, ten piedade de nós.*

(En vez do momento de perdón pódese realizar a aspersión):



ASPERSIÓN: Neste tempo de Pascua, coa aspersión do auga, recordamos aquel momento no que nos unimos definitivamente a Xesús resucitado, o momento do noso bautismo. E renovamos así o noso compromiso de andar nunha vida nova. **(Aspersión)**

- **(Sacerdote)** *Que Deus todopoderoso nos purifique do pecado e, pola celebración desta eucaristía, nos faga dignos de participar do banquete do seu reino. Amén.*

3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

- Paulo, perseguidor dos cristiáns, tivo unha importante experiencia no camiño de Damasco: o seu encontro con Cristo resucitado. Este acontecemento cambia radicalmente a súa vida e de perseguidor de Xesús convértese nun gran apóstolo. Esta conversión é o que imos escoitar na primeira lectura.



-San Xoán, na segunda lectura, dinos que viviremos na verdade cristiá se cumprimos o mandamento novo do Señor: “Amádevos uns a outros como eu vos ameivos”.

-O evanxeo recórdanos que para vivir e actuar en cristián temos de estar unidos a Xesús como os bacelos á vide; sen Xesús non podemos dar os froitos que El espera.

LECTURAS

FEITOS 9, 26-31:

El contoulles como vira o Señor no camiño.

Naqueles días, ao chegar Paulo a Xerusalén, trataba de xuntarse cos discípulos, pero todos lle tiñan medo, porque non se fiaban de que fose discípulo. Entón Bernabé, tomándoo consigo, presentouno aos apóstolos e el contoulles como vira o Señor no camiño, o que lle dixeran e como en Damasco actuara valentemente no nome de Xesús. Saulo quedou con eles e movíase con liberdade en Xerusalén, actuando valentemente no nome do Señor. Falaba e discutía tamén cos helenistas, que se propuxeron matalo. Ao decatarse os irmáns, baixárono a Cesarea e enviárono a Tarso. A Igrexa gozaba de paz en toda Xudea, Galilea e Samaría. Íase construíndo e progresaba no temor do Señor, e multiplicábase co consolo do Espírito Santo.

Palabra do Señor.

SALMO 11:

O Señor é a miña loanza na grande asemblea.

1ª XOÁN 3,18-24:

Este é o seu mandamento: que creamos e que amemos.

XOÁ 15,1-8: *O que permanece en min e eu nel, ése dá froito abundante.*

Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

Xesús: -«*Eu son a verdadeira vide, e o meu Pai é o labrador. A todo bacelo que non dá froito en min arríncao, e a todo o que dá froito pódao, para que dea máis froito. Vós xa estades limpos pola palabra que vos falei; **permanecedes en min**, e eu en vós.*

*Como o bacelo non pode dar froito por si, se non permanece na vide, así tampouco vós, se non permanecedes en min. **Eu son a vide, vós os bacelos; o que permanece en min e eu nel, ese dá froito abundante porque sen min non podeades facer nada.***

Ao que non permanece en min tírano fóra, como o bacelo, e sécase; logo recóllenos e bótanos ao lume, e arden. Se permanecedes en min e as miñas palabras permanecen en vós, pedide o que desexades, e realizarase. Con isto recibe gloria o meu Pai, con que deades froito abundante; así seredes discípulos meus».

Palabra do Señor.

(Narrador - Xesús)

4. ORACIÓN COMUNITARIA

(Sacerdote) *Necesitamos de Deus, como os bacelos da vide; pidamos ao Pai que atenda as necesidades que agora lle presentamos, dicindo:*

-Que vivamos unidos a ti, Señor.

1. Para que a Igrexa afronte o reto da evanxelización dun mundo que prescinde de Deus. *Oremos.*
2. Para que a nosa parroquia (ou comunidade) viva a alegría que nos trae Xesús Resucitado. *Oremos*
- 3.
4. Polos que nestes días reciben o bautismo, a confirmación ou fan a primeira comunión. *Oremos.*
5. Para que coidemos a amizade con Xesús, o trato persoal con el na oración. *Oremos.*
6. Para que nos convenzamos de que a unión con Xesús é garantía dunha vida con sentido, unha vida frutífera. *Oremos.*

(Sacerdote) *Axúdanos a vivir unidos a Ti, Señor, e a dar froitos de amor e xustiza. Por Xesucristo...*

5. OFRENDAS

-UN UN MÓBIL CON CARGADOR:

Xesús, queremos vivir conectados a ti. Só así teremos luz, enerxía, forza. Só así viviremos a alegría de ser dos teus e de ser a túa testemuña no noso colexio, na familia, nas diversións ou no traballo.

-EVANXEOS:

Hoxe para vivir en contacto cos outros temos os móbiles. Pero se queremos conectarnos a ti abonda con abrir uns evanxeos a través dos que ti nos falas, meditar no silencio do corazón ou participar con toda atención na eucaristía. Eles dannos a cobertura para recibir o teu amor e as túas mensaxes.

-PAN E VIÑO:


Tamén che ofrecemos este pan e este viño, son o mellor froito que ti, Señor, nos deixaches. Con eles, ti segues vivindo en nós.

7. SUXESTIÓNS

-Traemos uns acios de uvas e unha frase: *“Queremos vivir conectados a ti, Xesús, para dar froito”*.

-Tamén poderíamos poñer un panel diante do altar cunha gran rama coas súas follas (papel continuo marrón ou cartolina). Con papel verde facemos follas. Cada neno prepara (debuxa e recorta) o froito que quere ofrecer a Xesús e nalgún momento vano colocando na rama. Un neno le: *“Queremos estar unidos a Xesús e producir os mellores froitos, por iso ofrecemos o desexo de producir abundantemente o froito que escribimos”*.

-Tamén se pode recalcar que para estar unidos a Xesús el dános o seu Espírito para que viva en nós e sexa o nutriente, a forza que nos axude a dar froitos. E que froitos temos que dar os amigos de Xesús?: Os froitos do Espírito: a alegría, a paz, a bondade, a amabilidade, a delicadeza, a humildade, a tolerancia, a fraternidade, o autodomínio...(Podemos debuxalos).



Posible oración de grazas

Que non nos separemos de ti

Xesús, hoxe disnos no evanxeo que "vivamos unidos a ti, como o bacelo á vide".

Sen ti, Xesús, non podemos facer nada, porque ti es a nosa enerxía e a nosa brisa, o noso sangue e o noso zume.

Ti es a auga viva, a fonte cristalina, o lume vivo e transformante, ti es o pan vivo, a seara de trigo ondulante, viño anello que namora, es alento e vida que respiramos.

Sen ti asfixiamos, morremos, sen ti as nosas palabras son baleiras e os nosos sentimentos pagos, as nosas relacións hostís, os nosos amores posesivos e as nosas festas máscaras.

Ti, Xesús, es o toque do Espírito, o canto, a inspiración, a medicina o perfume, a plenitude e a transcendencia.

Xesús, que nunca nos separemos de ti.



RED CATEQUISTAS GALICIA